



Concello de Lugo

SOLICITUDE: AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ESTADO CIVIL	DATA DE NACEMENTO	DNI

SOLICITA

AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

NOTA: verifique a documentación para presentar con esta solicitude, segundo os modelos definidos na convocatoria

Lugo, ____ de _____ de _____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DECLARA RESPONSABLEMENTE, que:

- Todos os membros da súa unidade de convivencia residen e están empadroados no termo municipal de Lugo e a persoa solicitante, ademais, está empadroada cunha antigüidade mínima de seis meses con anterioridade á data da convocatoria.
- Non optou a outras axudas concedidas por organismos oficiais para adquisición ou alugamento de vivenda e que non é beneficiaria/o de ningún outro programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas.
- Non foi obxecto de desafiuamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
- Ningún membro da unidade de convivencia ten relación de parentesco ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora da vivenda.
- A vivenda está en boas condicións de habitabilidade e que reúne os requisitos esixidos nestas bases.
- A vivenda para a que se solicita a axuda constitúe a súa vivenda habitual.
- A persoa solicitante non ten débedas pendentes nin coa Facenda Estatal, Facenda Autonómica, Seguridade Social, nin co Concello de Lugo.
- Non se atopa inhabilitada nin incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade na Comunidade Autónoma de Galicia ou de dereito real de uso e disfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- Os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

Autorizo expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas. (DEBERÁN ASINAR TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA).

Lugo, ____ de _____ de ____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
(e todos os membros da unidade familiar ou de convivencia)

XUSTIFICANTES DOCUMENTAIS A PRESENTAR COA SOLICITUDE:

- Fotocopia do DNI ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeira, da solicitante e dos membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos. Fotocopia do libro ou libros de familia, de ser o caso.
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Consellería de Facenda e do Concello de Lugo, respectivamente.
- Declaración responsable da persoa solicitante na que se faga constar que:
 - Non se encontra inhabilitada nin incurso ou afectada por ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Lei 7/2003, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións
 - Non ten débedas pendentes coa Facenda estatal, Autonómica nin municipal nin coa Seguridade Social.
 - Non foi obxecto de desafiuzamento, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de alugamento dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.
 - Non ten, coa persoa arrendadora, vínculo de parentesco ata o segundo grao inclusive, de consanguinidade ou de afinidade.
 - Ningún membro da unidade de convivencia dispón de vivenda en propiedade na Comunidade Autónoma de Galicia ou de dereito real de uso e disfrute sobre outra vivenda na provincia de Lugo.
- A vivenda para a que solicita subvención constitúe ou vai constituír vivenda habitual.

A) - DE INGRESOS:

- Fotocopia da declaración do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) da última declaración fiscal dispoñible, de todos os membros da unidade de convivencia.
- No seu defecto:
 - Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria acreditativa de non ter a obriga de presentala.
 - Certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Certificación de renda de todos os membros da unidade de convivencia.
 - Certificación das empresas acreditativas das rendas salariais percibidas durante último exercizo económico vencido.

As persoas desempregadas, ademais:

Beneficiarias de prestación:

- Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) das prestacións percibidas durante último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Non beneficiarias de prestación:

- Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.

As persoas pensionistas, ademais:

Beneficiarias de prestación:

- Certificación expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou organismo pagador correspondente, acreditativas dos importes percibidos en concepto de pensión, durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria.

Non beneficiarias de prestación

- Certificación expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) acreditativa de non percibir pensión.

As persoas traballadoras por conta propia:

- Alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.

As persoas con discapacidade:

Beneficiarias de prestación:

- Certificación de discapacidade expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (Total, Absoluta ou Grande Invalidez)
- Certificación expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou organismo pagador correspondente, acreditativa dos importes percibidos en concepto de pensión, durante o último exercizo económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, de ser o caso.

Non beneficiarias de prestación:

- Certificación de discapacidade expedido pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (Total, Absoluta ou Grande Invalidez)
- Certificación expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) acreditativa de non percibir pensión.

B) - DE ARRENDAMENTO EN VIGOR:

- Fotocopia do contrato de alugamento vixente na data de presentación da solicitude.
- Fotocopia dos 2 últimos recibos de alugamento. No caso de vir incluídos no importe do alugamento os gastos aos referidos na base quinta, parágrafo 2 desta convocatoria, xustificantes da persoa que exerce a presidencia da comunidade e/ou da persoa arrendadora separando os gastos de alugamento dos que non subvencionables.
- Fotocopias do último recibo de subministracións de luz, auga e gas natural.

C) - DE NOVO ARRENDAMENTO:

- Documento acreditativo da persoa propietaria ou administradora da vivenda que se pretende alugar, no que consten os datos referentes á persoa arrendadora, localización da vivenda, o importe mensual ou anual da renda, sen incluír os gastos non subvencionables e os gastos que suporía a formalización do contrato de alugamento.

D) - DE ANTIGOS RESIDENTES QUE DESEXEN VOLTAR A LUGO:

- Certificación de Padron e xustificante que acredite o abandono do municipio.

E) - DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO:

- Sentenza xudicial de separación ou de divorcio e convenio regulador.

F) - DE DESFIUZAMENTO DA VIVENDA HABITUAL:

- Sentenza xudicial firme.

G) - DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO:

- Orde de protección, de afastamento, resolución xudicial, informe do Ministerio Fiscal ou informe do persoal técnico da Casa da Muller do Concello de Lugo acreditativa de que a persoa solicitante é vítima de violencia de xénero, de ser o caso.

H) - DE PERSOAS SEN VÍNCULOS FAMILIARES QUE CONXUNTAMENTE HABITAN UNHA VIVENDA DE FORMA HABITUAL. PERMANENTE E ESTABLE:

- Declaración responsable da persoa arrendataria da vivenda acreditativa de que non se trata dun subarrendo.

-Aqueloutros documentos que se consideren necesarios.

**SOLICITUDE: PRÓRROGA DA AXUDA AO
ALUGAMENTO DE VIVENDA****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

SOLICITA**PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO****NOTA:** verifique a documentación para presentar con esta solicitude, segundo os modelos definidos na convocatoria**DECLARA RESPONSABLEMENTE, que:**

- Todos os membros da miña unidade familiar ou de convivencia cumpren todos os requisitos establecidos na base cuarta das reguladoras da concesión de subvencións para alugamento de vivendas en Lugo. Exercicio económico 2014.
- Non solicitei nin recibín outras axudas para adquisición ou alugamento de vivenda, e non son persoa beneficiaria de programa público ou privado de axudas ao alugamento de vivendas.
- Non son persoa inhabilitada nin incurso nas causas de prohibicións para a obtención da subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Todos os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que me fago responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo a comprobar a verificación dos datos e informacións declaradas, así como a de non ter débedas fiscais co Concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de ____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
(e todos os membros da unidade familiar ou de convivencia)

Asdo.: _____.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR CON ESTA SOLICITUDE:

- Recibo de alugamento do mes de novembro do período inicial.
- Certificacións de non ter débedas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.



Concello de Lugo

RENUNCIA EXPLÍCITA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

SOLICITA

PRESENTO A RENUNCIA Á PRÓRROGA DA AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA PARA O SEGUNDO PERÍODO, polos motivos que a continuación e detalladamente se mencionan:

E para que conste e produza os efectos oportunos asino esta renuncia.

Lugo, ____ de _____ de _____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE